Home, en Santiago hai unha cousa que non cambia, -menos mal-, que é a cidade histórica, e cada día está mais bonita, pero ao mesmo tempo o salto que lle demos de modernización, fará que a encontren con maiores inversións privadas; por exemplo, novos hoteles zonas comerciais e de atracción que estamos construíndo. Unha cidade que sendo non moi grande (125.000 habitantes) ten os equipamentos e servicios dunha gran cidade europea.

Eu vou a Santiago vou visitar ao Apóstol, gaño o Xubileo, logo voume a un centro comercial, despois un paseo polas ruas, vou a un concerto no auditorio, vou a un acuario que estamos construíndo, despois a dar unha volta aos municipios limítrofes, acércome a Vigo ou A Coruña, en fin, que en Santiago van encontrar unha cidade que ten de todo e que non é moi cara, que iso tamén é importante.

**En relación coa inversión que se fixo para o 93 e a que se fará no 99, que diferencia hai.**

Home algo máis, pero as cousas máis gordas máis importan-

tes están feitas. Agora quedan inversións privadas -o que acabo de dicir- hoteles, centros comerciais, acuarios; todas estas iniciativas privadas estarán construídas para o noventa e nove a máis de dotar de servicios, axudará a xenerar riquezas.

**¿Que senso tivo, que vostede dixera o ano pasado que Santiago é a cidade máis amparada, protexida e mimada de España, como o demostran os cen mil millóns invertidos?**

Pois porque sí e una cidade mimada. Por ser unha cidade que me da motivo de conversacións e discursos políticos, por ser Santiago unha cidade ecuménica europea. Ao final pasamos dos discursos a acción. A acción conxunta dos gobernos presididos daquela por Felipe González, por Manuel Fraga Iribarne e por min, deu coma resultado positivo a modernización dunha cidade, o que en pesetas públicas son cen mil millóns.

**¿Isto non podería levar a que Santiago sexa vista con envexa por outras cidades que poidan cobizar esas axudas?**

A envexa non é con Santiago. A envexa será coa Catedral coa cidade histórica, que outras cidades teñen iso?. Conque aí está o problema. Por qué é mimada? por-

que é única, e un conxunto histórico artístico que quizás sexa o máis importante do mundo. Logo, como non imos mirar iso. Se non me ocupara de Santiago, tería unha responsabilidade moi grave, porque o patrimonio que me deron, non o estaría mantendo ben. E razonable, non todas as cidades poden aspirar a ter os mesmos recursos, porque non todas teñen esa Catedral e iso non e un patrimonio dos santiagueses eh, coidado, é para todo o mundo, son dez millóns de turistas os que van a ir no noventa e nove e no dous mil.

**Pódese dicir entón que o que foi é recoñecida.**

Claro é o que eu dicía, pasamos dos discursos a realidade. E todos coordinados polo Rei de España, (o patronato presideo o Rei), cuio impulso foi decisivo.

**Como se arranxa un home xurdido e militante do Partido Socialista, para se-lo alcalde da capital de Galicia con un goberno central de outro signo político. E como fai despois de tantos anos (aínda que vostede e xoven) para manter unha boa relación.**

Pois é fácil. E dicir, hai xente que está na política para impedir que outros fagan cousas, e eu estou para permitir que se fagan as cousas. Cando un ten unha idea ou proxecto para a cidade ou para un Ano Santo, e o levas a outro que non e do teu partido, se a idea e boa e ti estás convencido, vai ter difícil o dicir que non. Se tes claro o proxecto, se tes vontade para o diálogo pois as cousas fanse. E os cidadans sabeno valorar (aquí voto polo Partido Popular), ali voto polo partido Socialista). Saben distinguir que pode ser a cidade ou a comunidade gobernada polo que entendemos por dereita, e en cambio a rexión por un partido de esquerdas. Iso e moi europeo. Tamén quer dicir que aquela diferenza dramática entre dereitas e esquerda, (que ao que nos levou os españois), xa non é dramática, hai diferencias pero resólvense pola vía do diálogo. E cando as persoas tratamos de desenrolar políticas de cooperación, quitámoslle dramatismo a política, e se as diferencias supéranse grazas a cidade de Santiago, eu creo que fixemos unha boa política.

**Eu podo enxergar entón que o señor Fraga e un home amplo que ten un bo diálogo co alcalde e coa oposición ao goberno da Xunta de Galicia.**

Temos non unhas boas senon unhas magníficas relacións institucionais desde sempre. Cando eu che falaba do Rei de España, dos presidentes Felipe Gonzalez e Manuel Fraga, dicía dun triunvirato



De izquierda a derecha el doctor Alberto Adrio, presidente del Centro Gallego de Buenos Aires, Ramón Suárez Álvarez, nuestro corresponsal y dirigente también de la Institución; el señor Xerardo Estévez Fernández, alcalde de Santiago de Compostela; el señor Alvaro Campos, Presidente del Grupo Nos y Editor de "Correo de Galicia". Atrás, el ex-presidente del Centro Gallego, Juan Fierro, y a la derecha el doctor Roberto Rodríguez Bagaría, de la Asesoría de Colectividades del Gobierno de la Ciudad de Buenos Aires



En momentos previos al reportaje, nuestro corresponsal Manuel Suárez Álvarez, con el alcalde de Santiago Don Xerardo Estévez Fernández, que se refirió elogiosamente a "Correo de Galicia"

de primeira categoría, (que creo que agora co presidente Aznar lóxicamente debe seguir -agora empezamos a funcionar pensando no ano noventa e nove) pero a presenza de Fraga foi moi importante. E eu presumo e el creo que presume de ter unhas relacións institucionais de primeira línea, e creo que o noso exemplo é exportable a toda España.

**Cal e o futuro político deste alcalde exitoso dunha cidade que vai compartir no ano dous mil, nada menos que a capitalidade europea da cultura.**

Eu son un profesional da arquitectura. Onte dicía na conferencia en Montevideo, que agora da verdade desde a miña experiencia na práctica de alcalde, pesou máis a formación profesional como arquitecto que a política. Eu non son un político, son un arquitecto metido a político. Agora dedícome moito a dar conferencias e cursos, e estou convencido que cando deixo a alcaldía volverei ao mundo da arquitectura que é o meu, non son un político profesional, sempre o dixeran. De feito cando aprobei, porque me obrigaron a ser deputado no parlamento galego, dimitín ao pouco tempo (un ano); deputado no parlamento español, nin un ano estiven. Porque eu viame sentado naqueles debates tan acalorados e dixeran: isto non e para min, eu véxome en Santiago e despois á miña vida.

**Poderá ser esa falta de ambición política o motivo da boa relación co outro partido.**

Eles xa o saben, se eu fora un político que estando na alcaldía de Santiago pensara en outros obxectivos, ao mellor se fora así non habería tanto diálogo institucional, porque verían un competidor. Pe-

ro cando ven que o meu obxectivo e Santiago e nada máis iso favorece a relación institucional. A miña limitación da lóxica ambición política, mellora o diálogo, pero bo, tampouco me custa traballo limitar esa ambición sinxelamente porque non a teño.

**No remate, un mensaxe para os nosos paisanos.**

Pois que hai que estar pensando en volver a Galicia, se non o fan antes, no noventa e nove e no dous mil. Van ser anos de probalo que somos capaces de facer os galegos, sen dúbidas, o maior coñecemento, prestixio e recoñecemento de todo o que é Galicia e Santiago de Compostela en todo o mundo, estamolo facendo moi ben. E hoxe viñen aquí a facer un recoñecemento dunha laboura non somentes para cuidar a alma e o corpo, senon, vaia hospital coas últimas tecnoloxías, un hospital moderno. Porque pode ir iso da saudade, de un hospital que é unha especie de asilo que consola a xente. Pero non. E un hospital que cura a alma e os problemas físicos, pero coas últimas tecnoloxías. Ese ó o traballo que se nos ten que pedir os galegos. Dicer, mire vostede, vai de Galicia, vai da nosa forma de ser. Pero o traballo e as cousas ben feitas. Vai do noventa e nove vai do dous mil, hai que ir alá pero para ver as cousas ben feitas, e para iso estamos traballando moito os galegos alá. E os daquí que agora necesitan un pouco de mimo e agarimo, que vaian pensando en facer as maletas e irse para alá, algunha man lles votaremos para que iso poida ser realidade máis facilmente.

Gracias señor alcalde

R.S.A.

## Novidades de Fin de ano nas institucións Días que celebran os seus festexos

### Centro Corcubión de Bos aires

O Centro Corcubión de Bos Aires no seu recreo que está en Bme. Cruz Nº 1871 en Vicente López. O día 15 de Decembro de 1996 se despiden do ano que se acaba, con un xantar ás 13 hs. cós asociados e que concorran, xunto coa Comisión Directiva da institución, e meais as súas familias, compartindo o día tamén con outros amigos e invitados especiais, mais autoridades doutras institucións amigas, que lles brindan a súa presenza.

### Centro Arzuzano Mellidense

Con unha cea "Show" o día 15 de Decembro, ás 21 hs., o Centro Arzuzano Mellidense de Bos Aires nas súas instalacións en Cochabamba 3245 de Capital, onde se xunta a seua xente coa Comisión Directiva, que ameniza con baile e música o Grupo Tropical "Bamba" coa alegría que é costume, onde todos gozan con despedida de fin do ano.

### Centro Cultural de la Estrada

O Centro Cultural da Estrada o día 8 de Decembro, no salón das súas instalacións en México 2849 Capital, se reúne nun xantar de despedida de fin de ano como de costume, as autoridades da institución, os asociados, máis outros amigos e invitados especiais que comporten a súa mesa demostrando a súa amizade, coa institución e máis cós seus dirixentes, que ben a merecen, por todo canto fixeron no transcurso do ano, pola institución e a súa xente.

Non podía faltar o toque social, e o día 14 de Decembro tamén presentan un pesebre vivente con entrada libre, onde están cantando panxoliñas do Nadal acompañados polo conxunto de Gaitas as "Axóuxeres" da maneira que elas o saben facer.

### Centro Galicia de Buenos Aires

O Sábado 21 de Decembro, ás 21 hs. A Comisión da Cultura do Centro de Galicia de Bos Aires organiza a cea de fin de ano no mini-estadio Nestor Mondelo, en Bme. Mitre 2538 4º piso Capital, onde será a futura dirección da institución, agasallando ós alumnos e profesores de toda-las escolas que corresponde á institución. E a costume, de que todos os anos, estas reunións se transformen en nunha festa de gozo a máis non dar. Onde se mesturan as espontaneidades de cada un, e os sentimentos que están dentro del, que as expresións son sempre, con cantigas galegas, e baile rachado. Recachando as saias e movendo as pernas e os brazos, ata calquera hora da noite.

Sempre se xunta moita xente nova, que é a que ten máis ganas de ruar, e danzar, e todo eso fai medra-la alegría de todos, para os novos e os vellos que xa están acostumados doutros anos.

Se queren as entradas podense comprar antes da festa nas oficinas do Centro Galicia que ten en Av. Belgrano 1841 de Capital.

X.M.M

### Centro Galicia de Buenos Aires

#### Festa no Teatro Avenida

Según está previsto, o luns 16 de Decembro, celebrase no teatro Avenida un excelente espectáculo cultural, que é organizado pola comisión da cultura do Centro Galicia de Bos Aires, cerrando o ciclo de actos deste ano, cós distintos grupos que integran as súas escolas de música e danza, onde se pode escoitar unha gran variedade de interpretacións musicais, de distintos tipos, con gaitas, guitarras, e música Celta de alta calidade.

Os grupos de danzas que actúan, interpretarán floclore arxentino, galego, español e tango porteño, de alto nivel para o gusto de todos.

A montaxe deste espectáculo goza da garantía de que estea o seu cargo, a directora das distintas escolas, que pertencen á institución, dona Luisa Pericet de recoñecido talento e para gozar dunha excelente presentación como sempre o fixo ✓

## Del programa "Lembrando a Galicia"

La primera página Web en Internet dedicada en exclusividad a Galicia y realizada fuera de su territorio, es dada a conocer al mundo y esta hecha en Argentina por gallegos nacidos en la diáspora de sus mayores.

El orgullo de ser gallegos no es un mero hecho conceptual sino, una forma de vivir y de pensar que se trasunta en el devenir de lo cotidiano, ya sea en esta Argentina que nos vió nacer, como en la Galicia de "alén do mar".

Surge entonces como una ineludible necesidad, el hecho de dar amplia y honrosa difusión a este legado; por ese motivo fue creado el programa radial "Lembrando a Galicia" que se emite todos los viernes de 21.00 a 24.00 hs. por FM Espacio, 89,7 Mhz, y que por su moderna temática de trato y característica hacen que nuestra Galicia llegue al público con una visión renovada que los transporta a súa terra nai.

Además, a partir del 28 de noviembre de 1996 publicamos nuestra propia página Web, que de esta manera pasa a ser la primera en todo el mundo dedicada en exclusividad a Galicia y al universalismo de la galleguidad llevada a cabo con recursos de imágenes y realizaciones técnicas propias, que se generan fuera de la comunidad autónoma gallega.

Esta página Web es generada en la producción y Dirección General por Silvia J. Brun Rico y Osvaldo Pérez Scaramal.

Su dirección: "Lembrando a Galicia",

<http://www.interar.com.ar/lagalicia/lar.htm>

lagalicia@interar.com.ar ✓

## Centro Gallego de Buenos Aires

Según indicación da oficina do Instituto Arxentino de Cultura Galega do Centro Gallego de Bos Aires, o día 13 de Decembro de 1996, ás 20 hs. remata o ciclo cultural deste ano, coa presentación no salón Castela, do Grupo Xeito Novo, e máis o Grupo de Baile da mesma institución, Sen dúbida é unha reunión de alto nivel cultural, pola calidade dos interpretes.

A entrada libre e gratuita para todo público, que lle guste presenciar unha presentación de tan alto nivel ✓

X.M.M.

# GALICIA EN ARGENTINA

De Xeito Novo

## Ao xeito Galego

Cando hai uns días falando co director do periódico, ofreceume integra-lo corpo de colaboradores da publicación, de supeto olleime nunha encrucillada. Por unha banda, a miña experiencia en escrituras non vai máis alá de apuntar os enderezos e números de teléfono dos amigos na axenda, logo pola outra, chiscábase o ollo a posibilidade sempre rechamante de ter un canle de chegada a nosa xente. Ao fin impúxose o espírito aventureiro do galego (isto é unha verdadeira aventura).

O primeiro artigo fixeno en castelán, lingua na que a diario falo e que quizáis sexa a que use se me deixan recuncar no choio. Pero, o pasado nove de novembro, vendo no teatro Coliseo, "Galiza Sempre 96", o espectáculo anual da fundación Xeito Novo, sentín no peito a na chola a ansia de escribir no idioma que mamei ata os dez anos.

Eu coma non son crítico, eivos contar o que vin dende a miña butaca coma un espectador máis, neste caso un galego.

Coa sala ategada de xente, empezou a cousa con un presentador que nun intre dixo: "no es casual que haya tantos jóvenes en la sala".

Feita a presentación de todo o espectáculo, abriuse o telón e principiou

o pequeno concerto co que oito rapazas e rapaces, (xunguidos as gaitas, baixo, guitarras, bandurria, teclado, acordeón, frautas, violín, bodhran, bongó, batería, pandeiretas e outros chismes pra percusión), nos mergullaron nos eidos da música folk-celta. A cousa iache formalíña, pero cando en "Non te namores meniña" Carlos Fernández fixo soar por primeira vez a nosa gaitiña, a intensidade dos aplausos e os berros, deixaron ben craro que esa era unha festa galega. Este conxunto executou once composicións, acadando nas catro derradeiras un climax perfecto co auditorio.

A segunda parte abriuse coa presenza no escenario de nove mozas cantareiras, que botaron man pro acompañamento musical de: pandeiretas, dúas latas de pimentón, triángulos e unha botella. E uns mozos cantareiros con pandeiros, acordeón e birimbau. Esta xuntanza coas suas ben compasadas in-

terpretacións, levounos os magostos, os fiadeiros, as mallas, as segas, os muiños, bo... nun intre estivemos en Galicia. Postos na nosa terra, e a sala na escuridade total, un moi bo sonido comenzo a espallar as voces de outras cantareiras, que semellaba coma se estíberan entre nos. Coa luz acesa, víronse as cantareiras sentadiñas na banda esquerda do escenario. Aí empezou a parte adicada ao baile; dende a primeira muñeira, (A Riveirana), ata que finou este "Galiza Sempre 96", a xente puido disfrutar dun espectáculo maravilloso.

As danzas son todas froito das colleitas que o grupo fixo aquí e en Galicia. Un intre emotivo foi cando a xeito de introducción á xota e muñeira de Salceda, xurdiu ao ar unha moi axeitada conversa entre una avoa maila sua neta.

As roupas orixinais e variadas; os danzantes cuns

pasiños coma os que se fan nas nosas eiras e festas; o amplo repertorio de xotas, muñeiras, pandeiretada e pateado, foron os meigallos que nos mantiveron ledos e ditosos.

O derradeiro cadro, coas rapazas con traxes feitos da estopa do liño, os homes con pantalóns e camisas brancos, faixas marróns e polainas de coiro; calzados

uns con tamancas outros con zocos, -facendo música cos sachos, cos fouciños batendo contra os testos das potas, cunha botella-, foi o xusto remate para esta noite na que a galeguidade brillou co seu meirande esplendor.

"No es casual que haya tantos jóvenes en la sala", dixera o presentador no comenzo; e engado eu, estes xóvenes (os da sala) ben sabían o que ían ver. Que non era outra cousa que a mostra dun traballo feito con chola, por outros xóvenes (os do escenario) cos que xuntos forman a nosa prole. A que sen dúbida e polo visto, será fidel e orgullosa continuadora das nosas tradicións.

Xa mostraron que saben traballar, démoslle pois oportunidades aos que aínda non chegaron, e deixemos que todos traballen pola nosa cultura, o sexa en prol de Galicia ✓

X.M.M.



O conxunto de música Folk-celta de Xeito Novo.

## Asociación residentes de Mos

A comisión directiva da institución, por medio da secretaria de cultura dona Mirtha L. Pérez, nos presenta a denominación das autoridades, de acordo a asemblea xeral ordinaria, que se celebrou o 20 de xullo pasado, e a comisión queda constituída desta maneira:

Presidente	Don Albino Táboas Figuerda
Vicepresidente	Don José Campos
Secretario	Don Gerardo Ucha Román
Prosecretario	Donna Mirtha L. Pérez
Secretario de Actas	Don Oscar Otero Lago
Tesoureiro	Don Albino Cambeiro
Protesoureiro	Don Jorge E. Roldán

Vocales titulares:

Don Atilio Loureiro, Dona Estrella de Alvarez, Don Belisar Cambeiro y Don Osvaldo Represas.

Secretaria de Cultura: Dona Mirtha L. Pérez.

Secretaria de prensa: Dona Angela Otero Campos.

Tamén comunican a súa última festa, para despedi-lo ano, que celebrara, na súa sede de Humberto 1º 3051 de Capital Federal o día 21 de Decembro, ás 21.30 hs. cos socios da institución ✓

X.M.M.

## De la Cátedra de Estudios Gallegos "Alfonso R Castelao" de la Facultad de Filosofía y Letras (UBA)

Transcribimos la información recibida por "Correo de Galicia" detallando las previsiones de la Cátedra de Estudios Gallegos "Alfonso R. Castelao" para los primeros meses de 1997 y las pertinentes de la Universidad de Ciencias Empresariales y Sociales y su "Cátedra España", para igual período.

### Seminarios 1997:

1. Seminario sobre Historia y Proyección de la Emigración Gallega.
2. Seminario sobre la realidad actual de Galicia: sus proyecciones económicas y culturales en la Comunidad Económica Europea y hacia América.
3. Seminario sobre la vida y la obra de Alfonso R. Castelao: La lectura y el análisis de Siempre en Galicia.
4. Seminario sobre la obra narrativa de Ramón del Valle Inclán.
5. Seminario sobre Políticas Lingüísticas.
6. Seminario sobre historia de Galicia del siglo XX.
7. Seminario de lengua gallega.

Días y horarios: lunes y miércoles de 19 a 21, aula 109, Puán 480.

Los seminarios son de dos meses de duración. Se cursan una vez por semana.

Para confirmar la fecha de inicio de cada seminario, pedir informaciones a partir del 1º de marzo en la Secretaría de Extensión Universitaria of. 219-244 de la Facultad. Teléfonos: 432-0606/9343/0781

### Ciclo de Documentales

Organizado conjuntamente con la Asociación Hispano argentina de Profesionales, sobre la guerra civil y la transición democrática española (abril/junio). Días jueves de 19 a 20 hrs.

### Cátedra España

Universidad de Ciencias Empresariales y Sociales.

Eventos primer semestre 1997:

1. Las empresas españolas en Argentina: Políticas de desarrollo y Concertación (seminario)
2. Las reformas educativas española y argentina (seminario)
3. El rol de Galicia en la Comunidad Económica Europea (foro).

Para solicitar información dirigirse a la Coordinación de la Cátedra España, Universidad de Ciencias Empresariales y Sociales, Paraguay 1338, 7º piso, teléfonos: 815-3287/8/9/90 ✓

## Centro Lalín de Bos Aires

No Centro Lalín de Bos Aires o domingo 1 de Decembro de 1996, se realiza unha asemblea ordinaria para cambiar parte das autoridades da comisión directiva, cambios que se presentan en lista única e que é encabezada polo seu presidente actual, Marchal Sánchez, que segue conservando o seu cargo na futura comisión.

Despois da realización da asemblea; que se establezcan os novos cargos, se comunicará como queda establecida a próxima comisión.

O día 14 de Decembro se despiden do ano con unha reunión no seu salón de Moreno

1949 de Capital, con amigos e asociados da institución, mais invitados especiais.

O señor presidente da Comisión Directiva, don Marcial Sánchez, que lle desexa agradecer a todos os que colaboran con él, e máis coa institución por todo canto fixeron e que deixan os seus cargos na comisión ó día que lle segue.

E mais tamén, quere agradecer-la amizade que recibiu de toda-las autoridades das outras institucións galegas e amigas, durante o transcurso do ano que se acaba ✓

X.M.M.

## Del Centro Galicia de San Juan

En nota con la firma de María del Carmen Reverendo, Presidenta de aquella institución y la de Alicia Mendez de Navas, Secretaria de la misma, nuestra redacción ha recibido una importante cantidad de material informativo, vinculado a la rehabilitación y posterior gestión hasta nuestros días del Centro Galicia de San Juan cuya actividad después de su primera fundación finalizó en oportunidad del terrible sismo que azotó a aquella provincia, el 15 de Enero de 1944.

• El 22 de Mayo de 1994 y con la presidencia del Señor Antonio Cadenas, se formaliza el re-inicio de gestión de la entidad y el día 25 de Julio, día de Santiago Apóstol realizan el primero de los actos que organiza la dirigencia institucional y que consistió en una misa celebrada en la Iglesia Catedral seguida de un almuerzo que se llevó a cabo en los salones de la Casa de España y durante el cual se oficializó la concreción de una importante donación a Caritas.

• Desde allí en más, han venido cumpliendo una incesante labor de vínculo societario con las restantes colectividades de la provincia, charlas y conferencias con figuras relevantes de la cultura sanjuanina, contactos con Instituciones de la comunidad gallega del país y del extranjero y una presencia reiterada ante las autoridades provinciales para tratativas vinculadas al quehacer de la Entidad, su presente y su futuro inmediato.

• La Embajada Argentina en Washington y la Fundación Granillo Ocampo a través de gestiones del asociado D. Oscar Manuel Lamela, dispuso la entrega al Centro Galicia de una importante cantidad de instrumental quirúrgico y medicamentos para ser repartidos en instituciones hospitalarias de la provincia como el Hospital Rawson, el Banco de Sangre de la Municipalidad o el Hospital de Niños, lugares hasta los que llegaron no menos de 350 kilogramos de medicamentos e instru-

mental en forma de donación.

• El 22 de Septiembre último, la Municipalidad de la ciudad cursó invitación al Centro Galicia para lograr su participación en un desfile que se realizó en la Avenida San Martín y al que concurrió una delegación del mismo, parte de la cual se observa en la foto que exponemos.

Sólo en homenaje a la obligada síntesis a que nos vemos obligados, no trasladamos a nuestros lectores una versión más amplia de la incesante actividad del Centro Galicia de San Juan al que, desde aquí enviamos un afectuoso saludo, nuestro reconocimiento y la seguridad de que quedamos pendientes de todo aquello que la entidad juzgue importante que se conozca y que además de publicarlo, iremos incluyendo en el legajo que estamos conformando con referencia a las realizaciones, proyectos y actividad que sin duda seguirán produciendo sin solución de continuidad ✓



## ¿Quen pelexa contra as "Axóuxeres"?

Temos en Bos Aires, un grupo musical independente que tocan a gaita, e percusión, e está formado por rapazas, que todas elas, andan arredor dos 25 anos, e teñen moito talento no que fan.

Con amor polo que é Galicia, máis polo que sempre foi a terra galega, máis ás súas costumes, e a súa música, e tamén, polos seus propios sentimentos. Traballan incansablemente para difundir esa cultura milenaria, a onde van.

Con todo cariño, loitan para chegar a un perfeccionamento de interpretación dentro da excelencia folclórica da música de Galicia, coas súas gaitas, difundindo cultura de alta calidade, que xa o fan moi ben.

Desde fai tempo, practican ampliándoo coa tecnoloxía cultural que reciben de Galicia que cada vez aumenta a súa calidade como interpretes.

Se miramos as cousas como son: quen quere de verdade a Galicia, pasaría o tempo buscando grupos coma este, que seguro que en Bos Aires non son bos de encontrar, e se os encontrara algún día, non deixarían que se foran máis.

Pero a vida ten a súas voltas, e non todos pensan igual. O día 3 de Novembro pasado, na romaría que se fixo no campo de Olivos do

"Centro Galicia Buenos Aires" a beneficio do "Hogar Gallego para Ancianos", sen que eles puideran facer nada, porque estaban en casa allea, despois de estar anunciado o conxunto "Axóuxeres", nos anuncios, que foran distribuídos entre as distintas sociedades, galegas e españolas.

Non lles permitiron actuar o día da festa, coa desculpa de non pertencer a unha institución.

Elas pensaron que esa non é unha desculpa.

A desculpa se lle debe dar a elas, que traballan pola verdadeira cultura galega nun grado de alta calidade, que a entrega sen pedir nada por todo o que fan, só piden, que lle teñan todo o respecto que se merecen, sen querer máis nada a cambio, có xusto recoñecemento polo seu esforzo.

Se alguén se sente culpable polo feito, que baixe da súa soberbia, e recoñeza, que esas cousas non están moi ben, tendo un pouco de cariño e respecto polos demais, será a mellor maneira de que siga habendo homes e mulleres que vexan que o seu esforzo ten un sentido, e así, se sigan poñendo a carón dos que queren mantelas súas raíces, só por cariño, sen cobrar nada polo que fan ✓

X.M.M.

## Sociedad Parroquial de Vedra: Benvida ós Alcaldes do Val do Ulla

Como estaba previsto, o día 17 de Novembro pasado, no salón da "Sociedad Parroquial de Vedra", en Bos Aires, en homenaxe á visita dos señores alcaldes da mancomunidade do Val do Ulla, en Galicia, con unha excelente concurrencia de xente, que encheron as instalacións, a máis non dar.

A cabeceira da mesa que estaba disposta para os ilustres visitantes, e invitados especiais, onde se encontraba sentado o señor Alcalde de Vedra, Don Pedro Guitián Rodríguez, e o señor Alcalde de Teo, Don Armando Blanco Martínez, coas súas donas, e tamén o señor Alcalde de Boqueixón Don Adolfo Gacio Vázquez. Xunto con eles, estaba o representante do goberno da Cidade de Bos Aires, Doutor Roberto Rodríguez Vagaría, e xunto con todos, o presidente da "Sociedad Parroquial de Vedra", Don Horacio Pegito máis o presidente da sociedade do municipio de Vedra, don Aurelio Nunez Neira. Estes dous últimos, que estaban na súa casa como anfitrións, acompañados por presidentes e membros de comisións directivas, doutras moi importantes de sociedades galegas en Bos Aires,

que xunto coas autoridades, e membros da comitiva que acompañou na viaxe ós señores alcaldes, honraron a mesa, e fixeron senti-la ledicia de pasar unha xornada de festa entre amigos. Despois das presentacións protocolarias, feitas polas autoridades da Casa de Vedra o Doutor Roberto Rodríguez Vagaría, como director das colectividades e culto, no goberno da Cidade de Bos Aires, dirixiu un excelente discurso á galeguidade do exterior de Galicia, que vive en Bos Aires, que tivo que dete-la fala, unhas cantas veces, polos aplausos, agradecendo os agasallos, ós emigrantes galegos, dicindo que, despois de chegar a estas terras con amor, e honradez, axudaron a construír esta fermosa Cidade de Bos Aires, que sempre a quixeron coma propia, sen esquecerse da Galicia que deixaran, espallando a súa cultura, e o seu amor, máis a súa honra onde estiveron.

Desde xeito, despois do inicio do xantar, comencian as interpretacións artísticas culturais co grupo de baile, presentando folclore arxentino, con unha "characarera" que se chama "La Madre Selva" que era un gusto ver interpretar dese xeito o seu reper-

torio de música e danza nacional. Chega despois, o folclore galego. Se fai presente, o grupo de baile máis o conxunto de gaitas, tocando e bailando xuntos, mostraron as súas habilidades de interpretación, como o saben facer eles.

Despois do xantar, e dos discursos finais, empezaron entregando os agasallos, ós ilustres visitantes como recordo da súa visita. Os señores alcaldes, tamén lle devolveron con moito agarimo os seus regalos, que as autoridades recibiron con moitas ledicia. Era gozar dunha fermosa festa de irmandade, das que non se deben de esquecer. Os señores visitantes, se dirixen á parte exterior do salón, cóa súa comitiva, como estaba previsto, ofrecendo unha queimada de caña galega para tomar, que eles trouxeron, e se puxeron a acender lume para queimarla. Era toda unha admiración dos presentes, e cando empezaron a servila, se tomou a máis non dar.

Como reflexión final: Galegos, non perdamos o que temos, que xa-mais encontraremos, nada que sexa igual, para comparalo con este gozo ✓

X.M.M.



En la foto, desde la izquierda el señor Alcalde de Vedra, Don Pedro Guitián Rodríguez, Don Horacio Pegito, Presidente de la Sociedad Parroquial de Vedra, el señor Alcalde de Boqueixón, Don Adolfo Gacio Vázquez y el Doctor Roberto Rodríguez Vagaría, Asesor en Relaciones con las Colectividades del Gobierno de la Ciudad de Buenos Aires.

# GALICIA EN ARGENTINA



En la foto, de izquierda a derecha, el señor consejero laboral de la Embajada de España, don Javier Ibarra Pastore, el señor presidente de la compañía Iberia, el señor presidente de la Federación de Sociedades Españolas, don Manuel Sánchez Naveiro y el señor Intendente de Vicente López, don Enrique García

## O Carballiño festexa os 78 anos

Como estaba previsto, o día 24 de Novembro pasado, o Centro Carballiño de Bos Aires, nas súas instalacións que ten en Vicente López, festeja os seus 78 anos de vida.

Desde a súa fundación, sempre ocupou un destacado lugar dentro da colectividade galega en todo estes anos, xuntando amigos e paisanos, facendo novas amizades, que gozan de xuntarse nestas reunións.

Este ano foron honrados coa presenza do señor intendente de Vicente López, Don Enrique García coa súa dona, pois para calquera é un ogullo recibir a visita dunha personalidade tan importante e querida, que é tan semellante coa institución e os seus dirixentes, que tanto pola súa personalidade, como polas súas raíces, que herdou de seus país, xa que eles foran emigrantes galegos e asturianos, que chegaron a estas terras, nas que se quedaron e conseguiron telo honor de criar neste fermoso país, ós seus fillos que medraron, e chegaron xa a ocupar, tan importantes cargos de goberno, e ademais, proxectarase cara o futuro, en tan importantes cargos políticos, polo seu correcto traballo, que é un orgullo, para a comunidade galega na Arxentina, por compartirlas súas raíces, e por ter un paisano dese calibre.

Tamén estiveron presentes, as principais autoridades do "Concejo Deliberante de Vicente López" e dos bloques políticos que o compoñen, e tamén da "Sociedad Industrial de Vicente López", representada polo seu presidente.

Pola parte diplomática, estivo presente o señor Consejero Laboral de la Embajada de España, para as nacións Arxentina, Uruguai e Paraguai Don Javier Ibarra Pastore. Tamén estivo presente representando ó GRUPO NOS, Don Rodolfo A. González coa súa dona.

Estaban tamén presentes das institucións, galegas e españolas unha gran parte das súas autoridades.

Pola Federación de Sociedades Españolas, o señor presidente, don Manuel Sánchez Naveiro e a súa dona, e tamén o vice presidente da mesma institución don Juan Carlos Bouzo. Xunto con eles, o

señor presidente da "Sociedad Parroquial de Verdra" don Horacio Pegito, tamén estivo presente o señor presidente do ABC do partido do Corcubión señor Manuel Pazos Martínez, e o señor presidente da "Sociedad Cultural da Estrada" don Ignacio Turnes, máis o señor presidente da "Sociedad de Tui e Salceda", don José Prada Vázquez, tamén o señor presidente da Casa de Galicia señor Ramón Verdullas Martínez, e máis o señor presidente da "Sociedad Islas Canarias en Bos Aires", Oscar Rodríguez e representantes das comisións directivas, do Centro Galicia de Bos Aires don Agustín Diz Portabales, e máis do Centro Gallego de Bos Aires Don Ramón Arcos Valcarcel, e das máis importantes sociedades galegas en Bos Aires, que honraron a mesa coa súa presenza.

Pola parte artística, a festa estivo amenizada pola orquesta Costa Brava e o grupo de baile da institución coas súas bonitas rapazas, que interpretaron bailes con todo o "salero" español.

Cando chegou a hora de ramata-lo xantar, o señor presidente da institución, Don Arturo González, dirixiu un discurso ós presentes agradecendo a presenza a tódolos amigos que o acompañaron nese fermoso día de festa.

Por outro lado, el tamén foi agasallado pola entrega dun bastón simbólico de mando, coa empuñadura tallada coa figura da cara de Carlos III de España, e outras imaxes, toda-las obras, foron feitas polo artesán don José Figueredo, nado en Carballiño, un artista en tallar madeira, dunha longa traxectoria. O segue despois o discurso do señor intendente de Vicente López, con un mensaxe afectuoso, que foi moi aplaudido polos presentes.

Despois do saúdo, do representante de Iberia que estaba presente, e do "Consejero Laboral da Embajada", se despiden, porque se van da Arxentina, por asuntos do seu traballo, pasan a ocupar outros postos.

Se dá por acabado o xantar, e a festa segue con música interpretada pola orquesta, e a xente bailando no pouco sitio que quedaba no salón ✓

X.M.M.

## Inauguracións en el Centro Gallego de Buenos Aires

Transcribimos seguidamente un comunicado de Prensa del Centro Gallego el que por su importancia, nos apresuramos a hacer conocer a nuestros lectores:

El Centro Gallego de Buenos Aires, inició una nueva etapa de crecimiento, a efectos de poder brindar a sus asociados cada día más y mejores servicios.

Con ese fin, el día 20 de diciembre próximo, inaugurará una batería de modernos consultorios que funcionarán en el primer piso, para las siguientes especialidades: Clínica Médica, Cardiología, Oncología, Pediatría, Neurología, Infectología, Cirugía Plástica y Nefrología.

El acto tendrá lugar a las 18,30 horas, en el primer piso del Sanatorio Social, Avda. Belgrano 2199, Capital ✓

## Homenaje del Grupo Nos de Buenos Aires

En memoria y homenaje de recordadas personalidades de la comunidad gallega y ex-miembros del Grupo Nos de Buenos Aires cuya desaparición física se produjera en los últimos diez años, el Consejo Directivo del mismo convoca a familiares y amigos para el día 23 de Diciembre de 1996 a las 19 horas en la Basílica Santa Rosa de Lima de Avenida Belgrano y Pasco, templo en el que se oficiará una misa para hacer de la plegaria el mensaje de paz eterna que todos deseamos para ellos, nuestros amigos:

- D. José Alfonso Reboreda
- D. Ramón Chenlo
- Dr. Pedro Francisco Prado
- D. Serafín González Alonso
- D. Antonio Rodiño Escudero
- D. Eduardo Sánchez Millares ✓

## 70º Aniversario de la Agrupación "A Terra"

La Agrupación "A Terra" Pro-Centro Gallego de Buenos Aires, nos ha hecho conocer que, en oportunidad que "Correo de Galicia" comentara el acto conmemorativo con el que esa tan querida entidad celebrara su 70º Aniversario, un error tipográfico de nuestro periódico le adjudicó 7 años de existencia, en lugar de los 70 de incesante labor que con tanto esfuerzo y dedicación vienen cumpliendo.

Al señor Presidente de "A Terra", D. Elías Fernández y al señor Secretario de la Comisión Directiva D. Arturo Naval y por su digno intermedio a todos los miembros de esa dirigencia, las seguridades de nuestra estima y respeto y la sincera expresión de nuestra contrariedad por el error cometido ✓



### Agradecimiento

"CORREO DE GALICIA" agradece a las instituciones de la comunidad gallega en la República Argentina, su interés por hacernos conocer su quehacer y permanente esfuerzo por consolidar el gigantesco valor de la contemporánea Galicia Exterior. Para "CORREO DE GALICIA" todas las entidades de la galleguidad son importantes y porque nos debemos a ellas, siempre tendrán lugar en las páginas de nuestro periódico.

# A Cociña Galega

Lendo un libro de Cociña Rexional atopé unha nota na que falaba supostamente do primeiro "gourmet", un anacoreta gastronómico e home moi asisado e intelixente que viviu hai moitos anos no deserto.

Chegada a hora de xantar degusta-ba as migallas dun pan, deixando para o final o codia, ledicia gastronómica dese pobre bocado na súa alimentación de penitente.

Boa lección ou consello para aproveitar todo aquilo que chegue as nosas mans, poñamos por caso produtos ou froitos sinxelos pero de calidade, cos que "cun pouco de aquel" e un chisco de intelixencia poderémolo converter nun sabrosísimo xantar.

A sofisticación non é sinal de boa cociña. Si na variedade e mailo que poñamos na feitura. Velaquí a garantía que ten unha boa cociñeira, aínda mais aproveitando vellos consellos das nosas avoas que foron raiñas nos aforros e fartura dos seus lares.

E ben certo que cada rexión ou comarca ten a súa gastronomía moi particular, aínda dentro dos pequenos pobos. Galicia é a mostra viva do devandito.

En cada curruncho galego atopamos unha especialista con moito de profesionalidade amosado nas mil e unha mostras ou especialidades. Nas aldeas existían cociñeiras para as grandes solemnidades e certos pratos froito da súa creación tiñan sona en moitos pobos aá redonda.

Para estas Festas de Nadal e Aninovo imos aporta-lo noso.

## Merluza en salsa verde con ameixas (almejas)

Lomos de merluza sen espiñas, ameixas, allo picadiño, aceite, perixel, fariña e sal.

Fritir nunha cazola de barro os allos e a metade do perixel, cando escomeza a dourarse engadí-las ameixas, a fariña e un vasiño de auga natural. Cando as ameixas se abran engadí-la merluza e remexe-la cazola para que a salsiña ligue, engadir mais perixel e seguir movendo a cazola para que non se pegue. Tres minutos mais ata que a salsa ligue ben. Axeita-los lomos nunha fonte, as ameixas o redor, un pouco de salsa e espolvorear con perixel.

## Pollo a Menta

Macer-lo polo durante unhas horas en estragón picado, vinagre de estragón, sal, aceite e pementa.

Facer unha salsa con azucre caramelizado, engadir auga, zumo de limón e un bó viño branco. Friti-lo polo enfariñado e unha vez que colla cor dourado, engadí-la salsa e deixar reducir-la a metade. Servir con mazás fritidas en manteiga ou puré de mazás.

## Tortellas o ron

Nun cazo misturar un litro de leite e catro culleiradas de ron, corta-lo pan de mais ou menos un centímetro de grosor e remolladas ben nisa mistura de leite e ron, seguidamente rebozalas en ovo e fariña de maíz e fritilas en manteiga. Polvorear con azucre e canela. Servir quentes.

*Victoria Besada*



Manuel Fraga recibí a los emigrantes que regresaron a Galicia gracias al programa "Reencontros".

La mayoría de los retornados procede de países europeos, aunque más del 70 por ciento de los que salieron de la comunidad gallega vive en Sudamérica

# Los gallegos son los emigrantes españoles que más regresan a su tierra de origen

## La Coruña

El Número total de emigrantes que han regresado a la comunidad gallega en los últimos diez años, más de treinta y tres mil, sitúa a Galicia como la autonomía que más emigrantes retornados ha recibido de toda España.

Según los datos expuestos en unas jornadas sobre políticas de retorno emigratorio, que se están celebrando en la facultad de Sociología de la Universidad de La Coruña, el 21 por ciento de los 157.000 emigrantes que volvieron a España en la última década era gallego.

## Dos de cada cinco

De las cuatro provincias gallegas, es La Coruña la que ocupa el primer lugar, ya que acoge a dos de cada cinco gallegos que regresan a su país de origen. Pero, por supuesto, la vuelta a los orígenes no significa exactamente instalarse en el mismo lugar del que se partió. Hay que tener en cuenta - como aseguró el sociólogo Gabriel Alvarez- la mayoría se decide a fijar su residencia en ciudades en las principales localidades de la comarca, aunque cuando abandonaron sus hogares vivían principalmente en el medio rural.

## Autoempleo

Gabriel Alvarez manifestó que la mayoría de los retornados se encuentra todavía en edad laboral y se decanta por el autoempleo como salida

profesional en la comunidad gallega, sobre todo por la creación de negocios propios en sectores como el de la construcción y la hostelería.

A pesar de que alrededor del 70 por ciento de los emigrantes gallegos residen en países iberoamericanos, el porcentaje más elevado de los que retornan a su tierra proceden, sin embargo de países europeos.

Precisamente en el caso de los que residen en países europeos, los expertos apuntan como una de las principales razones del regreso el deseo de estar cerca de la familia o las dificultades laborales en el país en el que residen.

Esta última es la razón más frecuente en el caso de los que emigraron a países sudamericanos, en los que también influyó la inestabilidad política.

## Vinculación cotidiana

Precisamente la deuda que tiene Galicia con todos los gallegos "que afrontaron una ausencia física pero mantuvieron una vinculación cotidiana, desde el corazón, las inquietudes y la 'morriña', con su tierra, con sus familias, y con sus costumbres", fue destacada por el presidente de la Xunta, Manuel Fraga, en una recepción a emigrantes procedentes de Hispanoamérica.

Fraga recibió a los 150 emigrantes gallegos -de más de 60 años de edad- que participan en el programa "Reencontros 96" ✓



## PUBLICIDAD

Las firmas interesadas en publicar sus avisos podrán hacerlo, solicitando la visita de un promotor a los siguientes teléfonos:  
624-9182, 374-0064/1055 y 931-4033

## SUSCRÍBASE A "CORREO DE GALICIA"

Reciba en su domicilio cada edición mensual.  
Reclame por teléfono, carta o personalmente la correspondiente planilla de suscripción.  
Su abono anual \$25.  
Precio por ejemplar en su domicilio \$2.

CORREO DE GALICIA

Alsina 1729/35 (1088) Capital Federal Teléfono 374-1055/0064



Un intenso diálogo en emociones provocan los años, el encuentro: una vieja casona de Perú y Moreno. Vida, geografía y misterio inspiran una manifestación cultural con historia de Tangos. ... música, canto y danza transforman el tiempo en imágenes en la colonial esquina de EL QUERANDÍ TANGO, UNA HISTORIA...

EL QUERANDÍ RESTAURANTE  
PERU 302 - TEL: 345-0331/1770



# Café y Té

A los  Chinos

DELICADO SABOR ORIENTAL

**La Carioca S.R.L.**

México 4020 (1223) Cap. Fed.  
Tel/Fax 931-0138/4534



En su estadía  
en Buenos Aires.

**HOTEL \*\*\*  
LA PERLA**

Jujuy 36  
(1083) Buenos Aires  
República Argentina  
Teléfono 862-1661

A 35 CIUDADES DE EUROPA TODOS  
LOS DIAS Y A MADRID SIN ESCALAS.



**IBERIA**  
MUCHO MAS QUE VOLAR